

COMENTARIO DE DANI MACACO

Quizais a letra máis sinxela que nunca escribín, quizais para moitos unha chea de obviedades, quizais, quizais, quizais.....

Pero quizais tamén, un pequeno reflexo do que moitos pensamos / sentimos sobre as relacións, iso que custa tanto aplicarse nun mundo onde o amor se enfoca desde a propiedade, onde ao amor propio moitos o chaman soidade, " se non aguantas quedarás soa/ só ", " é o amor da túa vida ".... e mil frases que forman parte do noso imaxinario, os nosos ensinamentos, " corazón partido ", " medias laranxas ", " craváchesme un puñal no corazón ", " non podo vivir sen ti "...etc, etc

Se, quizais a única relación sa é a que se escribe entre dúas persoas, unha fórmula única e intransferible, sen comparativas con ninguén.

Porque ninguén nos ensinou a xestionar as emocións, as relacións, aquí ninguén sabe nada, aquí todo é debate, aquí todos somos aprendices, brillos e sombras de uns con outros, sí, con mil e un matices.....

Non vou falar de ti, vou falar de min, que me teño máis a man, e coñezome mellor, pero se te ves reflectido, se prefires as preguntas e respostas moldeables ás verdades absolutas, senón queres algo grande..., se me queres acompañar, pasear un intre ao meu lado, pois que ben!

Aquí, para ti e para min " Quéreme ben "

DANI MACACO